



## NORMAS XERAIS PARA O ALUMNADO

### ENTRADA AO CENTRO

- A entrada será escalonada, o alumnado transportado entrará pola porta da Alameda entre as 8:25 e as 8:35 e o alumnado non transportado entrará pola porta principal entre as 8:30 e as 8:40.
- A circulación no centro estará debidamente indicada, e respectarase o sentido de circulación establecido.
- As escaleiras de pedra (as que están situadas xunto conserxería) será sempre de subida e as de madeira (as que están xunto secretaría) serán sempre de baixada.

### SAÍDA DO CENTRO

- As saídas serán escalonadas quedando do seguinte xeito:
  - **Bacharelatos, FP Básica e 4.º ESO ás 14:15 horas**
  - **1.º, 2.º e 3.º ESO ás 14:20 horas**
- As portas de saída serán as mesmas que as empregadas para entrar: alumnado transportado pola Alameda e non transportado pola principal.
- Nas saídas respectaranse sempre os sentidos de circulación.

### MEDIDAS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

- O uso da máscara é obrigatorio.
- É obrigatorio, ademais, que o alumnado teña consigo unha segunda **máscara de reposto**, así como unha bolsa ou estoxo específico para gardala. Desde o centro recoméndase tamén que traia un **bote de hidroxel desinfectante** e un paquete pequeno de **panos de papel**.
- O alumnado desinfectará as mans polo menos 5 veces durante a xornada lectiva, sendo obrigatorio ao entrar ao centro, ao subir do recreo e ao saír do aseo.



## MEDIDAS DENTRO DA AULA

- O alumnado terá o seu propio pupitre que empregará durante todo o curso, deberá mantelo ordenado xa que pola tarde desinfectaranse todas as aulas.
- Os pupitres terán unha etiqueta co nome do alumnado que ocupa normalmente ese pupitre.
- No caso de cambio de aula, o alumnado que abandone o posto procederá a desinfección do pupitre e cadeira, baixo a supervisión do profesorado.
- Cinco minutos antes do cambio de clase soará un timbre con pitido curto que indicará que se deben abrir as fiestras para ventilar a aula e desinfectar, se procede, os pupitres.
- Cada nivel educativo pasará o tempo de recreo na zona que teña asignada (Alameda, claustro do centro e claustro Barroco) mantendo sempre a distancia de seguridade.